



A pulga e o piollo  
queríanse casar  
e non tiñan manteles  
con que van almorzar?

Saliu a araña  
do seu arañoal:  
“Son eu tecedeira  
mandaime buscar.”

“Gracias a Dios  
que manteles xa temos  
fáltanolo panciño,  
¿donde lo hallaremos?”

Saliu a hormiga  
do seu hormigal:  
“Son eu panadeira,  
mandaime buscar.”

“Gracias a Dios  
que panciño xa temos,  
fáltanolo viño  
¿donde lo hallaremos?”

Saliu o grillo  
de seu grilar:  
“Son eu taberneiro,  
mandaime a buscar.”

“Gracias a Dios  
que viño xa temos,  
fáltanolo danzante  
¿donde lo hallaremos?”

Saliu o rato / o sapo  
do seu buraco:  
“Siga usted a súa voda  
que eu serei danzante.”